

postela, no que solicita a ampliación de tres unidades de educación infantil.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Autorizarlle a ampliación de tres unidades de educación infantil ao centro privado Compañía de María de Santiago de Compostela, segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia nas unidades que se amplían.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Enderezo: r/ Ensinanza, 3.

Denominación: centro privado Compañía de María.

Titular: C.R. de Compañía de María.

Código do centro: 15015378.

Nivel: educación infantil.

Unidades de que constaba: 6.

Unidades novas autorizadas: 3.

Composición resultante:

Educación infantil: 9 unidades.

Educación primaria: 18 unidades.

Educación secundaria:

12 unidades de educación secundaria obrigatoria.

6 unidades de bacharelato das modalidades de ciencias da natureza e da saúde e a de humanidades e ciencias sociais.

Educación especial: 1 unidade.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 3 de agosto de 2005 pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de investigación sobre materias turísticas dentro do Programa de Ciencias Sociais do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

A Lei 12/1993, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1 establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 14 de marzo de 2002, aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

O plan está integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais. Dentro dos programas sectoriais figura o bloque de servizos ao cidadán, que está formado por dous programas: Ciencias Sociais e Sociedade da Información. Dentro do Programa de Ciencias Sociais inclúense, entre outros, proxectos relacionados co turismo, lecer e deporte, é dicir, proxectos relacionados co estudo da demanda turística e da motivación do lecer, relación entre o turismo e a conservación da paisaxe e do patrimonio, saturación de centros turísticos, diversificación da oferta turística, etc.

A importancia que o sector turístico ten no desenvolvemento da nosa economía require que por parte das administracións públicas se dediquen recursos para xerar iniciativas con tendencia a mellorar cada día o sector, para así manter a demanda existente e incrementala en todo o que sexa posible.

En consecuencia co anterior, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, en colaboración

coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e en virtude das atribucións que ten conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e o seu presidente, e o Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio,

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto e áreas de estudo e investigación.

Convocar ata un máximo de seis axudas para a realización de proxectos de investigación por parte de investigadores mozos que deberán versar sobre algunha das seguintes cinco áreas de estudo:

1. Turismo en áreas naturais, actividades cinxéticas e pesca.
2. Conxuntos singulares no rural susceptibles de uso turístico.
3. Estratexias de comunicación turística. A marca Galicia.
4. Avaliación de políticas turísticas das administracións locais.
5. Novas tecnoloxías, mercadotecnia e publicidade aplicadas ao turismo.

Segundo.-Duración e dotación económica.

Os proxectos que resulten seleccionados deberán estar finalizados nos 12 meses seguintes ao da concesión das axudas, ben que, por petición do interesado e por causa xustificada, poderá autorizarse unha ampliación do dito prazo como máximo ata o 1 de outubro de 2006.

O importe de cada unha das axudas concedidas oscilará entre 6.000 euros e 12.000 euros e será determinado pola comisión de selección en función da complexidade do proxecto e dos custos implícitos previsibles, o seu aspecto innovador, ademais do interese dos seus obxectivos. Para a concesión destas axudas destinarase ata un máximo de cincuenta e catro mil cen euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 08.05.432A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005 e 2006 (27.050 euros en cada unha delas).

Terceiro.-Beneficiarios e natureza xurídica da relación.

Poderán ser beneficiarios destas axudas unha persoa ou un equipo interdisciplinar como máximo de tres persoas que reúna/n os seguintes requisitos: diplomados en turismo, técnicos de empresas e actividades turísticas ou titulados superiores, idade máxima ata os 40 anos, que acrediten formación e/ou experiencia en materias relacionadas coa área sobre a cal se propón investigar e non foran adxudicatarios de máis dunha axuda deste tipo en anteriores convocatorias da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ou da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e que se presente o proxecto co compromiso dun titor do

proxecto (docente ou profesional) que vise a memoria e o traballo final. No caso de equipos, nomearase un coordinador que será beneficiario da axuda e responsable do proxecto ante a Administración.

As axudas concedidas son incompatibles con calquera outra destinada ao mesmo obxecto ou finalidade.

A condición de beneficiario da axuda obxecto desta convocatoria non xerará relación laboral ou contractual de ningún tipo coa Xunta de Galicia nin a inclusión na Seguridade Social.

Cuarto.-Solicitudes e documentación.

1. As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, ou por calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro dos 40 días naturais seguintes ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, a seguinte documentación:

a) Unha solicitude segundo o modelo oficial CSO-05, cuxa folia externa se publica como anexo a esta orde, está dispoñible de forma íntegra na internet nos enderezos: <http://www.dxid.org>; <http://www.xunta.es/con-selle/in>.

b) De ser o caso, composición do equipo (máximo de 3 persoas) que realizará o proxecto.

c) Fotocopia cotexada do DNI (por ambas as caras), do solicitante e, se é o caso, dos restantes membros do equipo.

d) Currículum vitae cos documentos acreditativos mediante documentos orixinais ou copias cotexadas (so se valorará o acreditado) e, en todo caso, a certificación académica completa en que se detallan as cualificacións obtidas na licenciatura, diplomatura ou na materia de técnico de empresas e actividades turísticas e as súas datas de obtención (orixinal ou fotocopia compulsada). Así mesmo, achegárase copia cotexada do correspondente título.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán estar validados na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. No caso dos equipos, esta documentación entenderase referida a cada un dos membros do equipo.

e) Memoria do proxecto de investigación co compromiso do titor do proxecto, docente ou profesional experto no tema, que vise a memoria e o traballo final. Na memoria, cunha extensión máxima de 15 folios a dobre espazo, bibliografía incluída, farase mención específica dos obxectivos, xustificación da necesidade do proxecto e interese para o desenvolvemento turístico de Galicia, capacidade e experiencia do solicitante ou solicitantes, plan de traballo, contidos básicos do proxecto, estratexias específicas de análise, indagacións que se van utilizar, orzamento de custos, resultados previsibles e conclusións. O tema do proxecto referirase a algún dos puntos da base primeira desta orde.

f) Declaración xurada das axudas solicitadas para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

g) Declaración expresa de estar ao día do pagamento das súas obrigacións tributarias e de seguridade social.

h) Declaración expresa de non ter contraído ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia.

Quinto.-Tramitación.

Os servizos administrativos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento procederán á revisión das solicitudes presentadas comprobando se é correcta a documentación presentada. No caso contrario, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, a complete ou emende os erros detectados coa advertencia de que, de non facelo, se considerará desistido da súa solicitude e se procederá conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada, con independencia de que poida acordarse outro tipo de actuacións.

Sexto.-Procedemento de avaliación e selección.

A valoración das solicitudes presentadas, así como a proposta de selección e determinación da contía da axuda, será realizada por unha comisión designada polo director xeral de Investigación e Desenvolvemento, constituída por cinco membros, un dos cales actuará como presidente, outro como secretario e, dos tres vogais, dous serán propostos pola Dirección Xeral de Turismo. A selección dos beneficiarios realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

a) Expediente académico: ata 3 puntos.

b) Coñecementos da lingua galega: ata 1 punto.

c) Outros méritos de currículum vitae: ata 4 puntos. Valorarase a formación ou experiencia en materias relacionadas co obxecto da convocatoria e do proxecto proposto, e o coñecemento doutras linguas.

d) Memoria: ata 4 puntos. Valorarase especialmente o aspecto innovador do proxecto e a adecuación da metodoloxía proposta aos obxectivos que pretenden alcanzarse con el.

No caso de equipos, a puntuación das alíneas a), b) e c) obterase pola media aritmética da puntuación que cada un deles obtivo en cada alínea.

A comisión poderá realizar unha entrevista cos aspirantes que acrediten máis de 6 puntos no anterior baremo. Versará sobre os méritos curriculares e a memoria e terá unha duración máxima de 15 minutos. En función do contido da entrevista, a comisión

podará aumentar a puntuación asignada nun máximo do 25%.

Sétimo.-Trámite de audiencia e proposta de resolución.

1. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, co obxecto de realizar o trámite necesario de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedéndolles a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación na web para que poidan formular as alegacións que consideren oportunas.

2. Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desistencia. De non contestaren no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

3. Examinadas, se é o seu caso, as alegacións presentadas polos interesados, a comisión de selección de investigación formulará a proposta de resolución definitiva que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

Oitavo.-Resolución da convocatoria.

A comisión de selección elevaralle a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, que ditará a oportuna resolución. Esta resolución publicarase no DOG.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao amparo da correspondente convocatoria, será de 6 meses, contados desde a apertura do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel que se produza o acto presunto.

De non estimaren a presentación deste recurso, poderán os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Con independencia do anterior, esta convocatoria e todos cantos actos administrativos deriven da súa aplicación poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Noveno.-Aceptación e renuncia das axudas.

A aceptación da axuda farase mediante documento asinado polo beneficiario en que se comprometa a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases.

No suposto de que algún beneficiario non aceptase a axuda, ou de que con posterioridade á aceptación xurdisen renuncias, ou quedase algunha vacante, o director xeral de Investigación e Desenvolvemento poderá adxudicarlle a axuda ao seguinte aspirante en puntuación, de acordo coa lista de suplentes elaborada pola comisión de selección.

Décimo.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios comprométense:

-A acudir a unha reunión que convocará a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento na cal se comentará, en relación coa materia de cada un dos proxectos para os cales se concede a axuda, todo o que a Dirección Xeral de Turismo considere adecuado para o mellor desenvolvemento do estudo ou investigación.

-A realizar o proxecto de conformidade coa memoria presentada e tendo en conta, se é o caso, o que se suxira ao respecto na reunión arriba mencionada.

-A presentar o proxecto na Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, por exemplar duplicado, en copia impresa e en soporte magnético (débase especificar o formato) no prazo máximo dun ano contado a partir da adxudicación das axudas.

-A presentar, xunto co proxecto, unha declaración complementaria de non ter concedida ningunha axuda para o mesmo proxecto por parte da Administración pública ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino da axuda obxecto desta orde.

2. Os proxectos realizados e os resultados obtidos da investigación, se é o caso, serán propiedade dos seus autores que, non obstante, quedan obrigados a transferilos á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, que dará traslado deles á Dirección Xeral de Turismo para o seu uso. No suposto de facelos públicos, deberán facer constar a referencia específica da axuda recibida da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia e enviarlle dous exemplares da correspondente publicación á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Décimo primeiro.-Pagamento das axudas.

Tendo en conta que as actividades a realizar para o desenvolvemento do proxecto supoñen a realización de desprazamentos así como a incompatibilidade con outras axudas, excepcionalmente e en virtude do disposto no artigo 16.dous.3, do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento aboaralle aos beneficiarios un anticipo de pagamentos por importe da anualidade 2005 se esta non é superior ao 50% da cantidade total do proxecto. En caso contrario, o anticipo será por importe do 50% da axuda concedida. A cantidade restante librarase cando os beneficiarios presenten os seus proxectos rematados e estes obteñan a conformidade da comisión que propuxo a concesión das axudas.

Previamente aos pagamentos, os interesados deberán presentar certificacións acreditativas de atopárense ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica expedidas pola Axencia Tributaria e pola Consellería de Economía e Facenda, respectivamente, así como certificación de atopárense ao día no pagamento das cotas da Seguridade Social. O pagamento da axuda que poida corresponderlles aos equipos interdisciplinarios realizárase repartindo a partes iguais entre os integrantes do citado equipo a axuda concedida pola comisión de selección.

Décimo segundo.-Incidencias.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento resolverá todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir en aplicación desta convocatoria. O incumprimento dos compromisos adquiridos conforme os termos do proxecto presentado e aceptado e no disposto nas bases precedentes, dará lugar á revogación da axuda concedida e, se é o caso, á reclamación das cantidades xa pagas de conformidade co disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto desta orde e a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Investigación e Desenvolvemento para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO
 Dirección Xeral de Investigación
 e Desenvolvemento



GALICIA INNOVACIÓN
 Plan Galego de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación
 Tecnolóxica
 2002 - 2005

PROGRAMA DE CIENCIAS SOCIAIS

ANO 2005

MODELO CSO - 05

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PROXECTOS RELACIONADOS CO TURISMO, LECE E DEPORTE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN825Q	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO ☐ HOME ☐ MULLER	ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
TITULACIÓN	ANO DE TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	

INFORMACIÓN ACADÉMICA

TITULACIÓN	ANO DA TITULACIÓN
RESUMO DAS CUALIFICACIÓNS NA TITULACIÓN: Nº DE MATERIAS ^(A) / CRÉDITOS ^(B) COA CUALIFICACIÓN DE:	
NÚMERO DE SUSPENSOS E NON PRESENTADOS ^(C)	☐ X 0 =
NÚMERO DE APROBADOS	☐ X 1 =
NÚMERO DE NOTABLES	☐ X 2 =
NÚMERO DE SOBRESALIENTES	☐ X 3 =
NÚMERO DE MATRÍCULAS DE HONRA	☐ X 4 =
TOTAIS	☐ (1) = (2)
NOTA MEDIA	(2) : (1) =
(A) Estudos organizados por materias (B) Estudos estruturados en créditos (C) Só se consideran os non presentados que computan convocatoria	

DATOS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO

DATOS DO TITOR

APELIDOS E NOME
PROFESIÓN (ACTIVIDADE)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de agosto de 2005 pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de investigación sobre materias turísticas dentro do Programa de Ciencias Sociais do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de

de 200

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE XUNTAR DO SOLICITANTE E, NO SEU CASO, DOS INTEGRANTES DO EQUIPO (PARA MÁIS DETALLE, CONSULTE A CONVOCATORIA)

- ☐ FOTOCOPIA COTEXADA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE OU PASAPORTE (POR AMBAS AS DÚAS CARAS).
- ☐ SE É O CASO, COMPOSICIÓN DO EQUIPO QUE REALIZARÁ O PROXECTO.
- ☐ CURRÍCULUM VITAE, CON DOCUMENTOS ACREDITATIVOS E CERTIFICACIÓN ACADÉMICA COMPLETA. ORIXINAIS OU FOTOCOPIAS COMPULSADAS.
- ☐ MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN.
- ☐ COPIA COMPULSADA DO CORRESPONDENTE TÍTULO DA LICENCIATURA.
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO.
- ☐ DECLARACIÓN EXPRESA DE ESTAR AO DÍA DO PAGAMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE SEGURIDADE SOCIAL.
- ☐ DECLARACIÓN EXPRESA DE NON TER NINGUNHA DÉBEDA COA XUNTA DE GALICIA.

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A MESMA FINALIDADE

Dña. / D. _____, Solicitante dunha axuda para proxectos relacionados co turismo, lecer e deporte, declara que nas datas que a seguir se relacionan presentou solicitude/s e foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin :

No caso de non ter realizado ningunha solicitude de axuda para o mesmo fin, marcarase o seguinte cadro E ASINARÁ ESTA PÁXINA o solicitante ou persoa que o represente.

- ☐ O/A ABAIXO ASINANTE NON SOLICITOU NIN, EN CONSECUCENCIA, RECIBIU AXUDA NINGUNHA PARA A MESMA FINALIDADE A QUE SE REFIRE A PRESENTE SOLICITUDE, DE NINGUNHA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		CONTÍA MENSUAL (EUROS)
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar DENEGADA

En _____, de _____ de 200__

Asdo.: O solicitante ou persoa que o represente

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 29 de xullo de 2005 pola que se modifica a do 2 de decembro de 2004, pola que se particulariza para o exercicio orzamentario 2005 o procedemento de concesión das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, tramitada como expediente anticipado de gasto.

A Orde do 2 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros para o exercicio 2005 foi tramitada como expediente anticipado de gasto, co fin de axilizar a presentación de solicitudes.

Coa aprobación definitiva dos orzamentos anuais, as sucesivas reprogramacións dos fondos estruturais do IFOP levaron a sucesivas incorporacións e xeración de novos fondos que fan que os límites orzamentarios varíen positivamente.

Convocatorias anteriores destas liñas de axudas mostran que sempre se presenta un número superior de solicitudes ás que, de acordo cos orzamentos vixentes, se poden atender.

Tendo en conta a necesidade de pór en marcha o plan de recuperación do fletán negro, o plan de recuperación da pescada do sur e a xestión axeitada dos dereitos da flota do NEAFC, cómpre incrementar os orzamentos e continuar a selección dos expedientes de acordo cos baremos establecidos.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 2 da orde mencionada, incluído un novo parágrafo terceiro co seguinte texto:

«Estes importes poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contra na orde que se publique para o efecto».

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2005.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 6 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para o persoal laboral do Concello de Guitiriz.

Visto o texto do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Guitiriz (código 2700982), da provincia de Lugo, asinado o día 28 de marzo de 2005 (aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 31 de marzo de 2005), por parte do concello a alcaldesa-presidenta, e pola parte social a delegada de persoal Carmen Argiz Ledo e os representantes de UGT, CC.OO. e CSI-CSIF, e de conformidade co disposto no artigo 90 puntos 2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta delegación provincial,.

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto do citado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP.

Lugo, 6 de xuño de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Convenio colectivo para a regulación das condicións laborais e de emprego do persoal laboral do Concello de Guitiriz (Lugo)

Exposición de motivos:

A normativa vixente que regula as condicións de traballo dos empregados/as ao servizo da Administración local galega caracterízase principalmente pola variedade de convenios propios ou de sector ou ausencia de regulación específica, no caso de boa parte do persoal sometido ao réxime laboral.

Deste xeito, na Administración local galega configúrase na actualidade un marco de relacións laborais totalmente incardinado entre as distintas entidades locais e mesmo totalmente diferentes en función da natureza do vínculo contractual de que se trate (persoal estatutario ou laboral).

Conscientes desta realidade, que está a xerar non poucos problemas no momento de poñer en práctica procesos de xestión de recursos humanos nas entidades locais galegas, para a mellora na organización